

## Presentación de “As últimas galerías” de Pepe Cáccamo en Gondomar

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Xoves, 24 Marzo 2016 15:29

---



A librería LIBRAIDA convida a presentación do libro "As últimas galerías" (Editorial Galaxia), de Xosé María Álvarez Cáccamo . O acto celebrarase o martes, 29 de marzo ás 20:30 na librería. Presenta o profesor Carlos Meixome  
Contarase coa presenza do autor. A obra foi finalista do Premio Arcebispo San Clemente 2016.

Xosé María Álvarez Cáccamo naceu en Vigo en 1950. Estudou Filloxía Románica na Universidade de Santiago de Compostela e dende 1973 exerceu de profesor de Literatura en varios institutos de Galicia. Destaca como poeta, aínda que tamén publicou relatos breves, algunha peza teatral e textos para o público infantil.

A Librería Libraida atópase na rúa Rosalía de Castro, 13 – 36380 Gondomar (Pontevedra). T. 986 389 199 / [libreria@libraida.es](mailto:libreria@libraida.es)